



Estadías formativas
en empresas



De 3 a 4 meses
de duración



Para a mocidade
de 18 a 30 anos

valoReSC

innovati^on

Excelexencia e Valor Social
Persoas | Organizacións | Empresas

Fórmate na empresa



Que é?

PROGRAMA da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude que busca **favorecer a formación práctica e o contacto co tecido empresarial por parte da mocidade**, o que impulsará as oportunidades de emprego xuvenil.

Os mozos e mozas beneficiarios do Sistema nacional de garantía xuvenil poderán realizar **estadías formativas en empresas ou entidades públicas ou privadas vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia**. Durante as estadías recibirán unha **bolsa de formación dun mínimo de 690,66 € ao mes** e terán unha persoa titora encargada do seu seguimento.

A maiores destas estadías, tamén contarán cun **plan formativo complementario en habilidades e competencias para o emprego**, cun mínimo de 20 horas lectivas, que se poderán impartir en modalidade presencial, teleformación ou mixta.



Quen son as persoas destinatarias do programa

As persoas destinatarias finais son as persoas mozas que formarán parte de cada un dos programas subvencionados no marco de Xuventude Fórmate na Empresa, e **deberán cumprir** os seguintes **requisitos no momento da súa selección** pola entidade beneficiaria da subvención:

18 - 30 ANOS


Ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (30 anos).

RESIDENCIA EN GALICIA

Estar empadroadas na Comunidade Autónoma de Galicia cunha antigüidade mínima dun ano.

GARANTÍA XUVENIL

Estar inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil e figurar como beneficiarias no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.



Que inclúe cada programa



A través de *Xuventude Fórmate na Empresa* financiaranse proxectos de entidades privadas sen ánimo de lucro e de concellos baixo os seguintes parámetros:

- O período de realización de estadias formativas nas entidades ou empresas será de **mínimo de 3 e máximo de 4 meses consecutivos**, agás causa xustificada.
- As **horas formativas** nas entidades ou empresas nas que se realicen as estadias terán unha **duración mínima de 100 horas mensuais e un mínimo de catro días semanais**.
- **Plan formativo complementario de 20 horas lectivas como mínimo** en habilidades e competencias para o emprego que será desenvolto e impartido pola entidade beneficiaria da subvención.
- **Persoa titora** encargada do seguimento da formación das persoas participantes e que titorice, xunto coa responsable de cada empresa, as estadias formativas.

Axuda



690,66 € ao mes

Bolsa de formación para a mocidade participante

Incrementándose en 100 € ao mes por custos de desprazamento e en outros 100 €/mes para o caso de persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%



valoReSC

innovati³n

Excelencia e Valor Social
Persoas | Organizacións | Empresas

www.valoresc.org / formacion@valoresc.org

988 062 863 - 604 065 547

Julio Prieto Nespereira, 21. 32005
Zona casco histórico - Ourense